

O MATERIAL DUNHA OBRA CONTRATADA POR FUMEGA APARECE NO LUGAR SEMANAS ANTES DA SÚA ADXUDICACIÓN

Espazo Común vai pedir toda a información sobre a obra de construción dun muro en Vilar de Veiga adxudicada por 32.000 €.

Hai fotos da pedra empregada para a mesma depositada no lugar moito antes incluso de que se convidara a tres empresas para presentar ofertas.

O Carballiño, 8 de marzo de 2021.

Levamos tempo observando con certa preocupación o sistema de adxudicación de obras e proxectos que o alcalde Fumega instaurou no Concello do Carballiño.

Dende Espazo Común xa chamamos a atención sobre a súa excesiva querencia por contratar empresas de lugares moi concretos coma O Rosal, Tomiño, O Porriño ou Maside.

Faise moi difícil de entender sen ser malpensados as causas que levan ao rexedor a que a meirande parte das veces que pode convidar a tres empresas a un procedemento, tenda a ir ata eses lugares.

Pero a última enleada da que tivemos coñecemento vai ter que ser moi ben explicada porque desprende un fedor que xa excede tódolos límites de falla de ética e de respecto pola legalidade.

Dende hai meses, os veciños do lugar de Vilar de Veiga viñan advertindo ao Concello do afundimento da estrada principal de acceso ao pobo e da necesidade da construción dun muro de contención que evitara que a situación empeorara aínda máis.

Ante a falla de resposta municipal, puxéronse en contacto con membros de Grupo Municipal de Espazo Común que se desprazaron ata alí a primeiros de ano.

Días despois, o alcalde Fumega anunciou en prensa a inmediata posta en marcha do procedemento de concesión da obra.

A finais dese mesmo mes os veciños fixeronnos saber que xa fora depositada no lugar, ao pé dunha estrada, a pedra que se ía empregar para a execución do proxecto. Adxuntamos unha fotografía realizada o 31 de xaneiro.

Ata aí, todo semellaba normal.

- comunicacion@espazocomun.gal
- [@espazo_comun](#)
- [@Espazo.comun.gal](#)
- [espazo_comun](#)
- [+34 688 707 121](#)

A desagradable sorpresa chegou cando revisando os decretos de alcaldía, detectamos que non foi ata o 1 de febreiro cando o alcalde comezou o proceso legal coa invitación a tres empresas para que presentaran ofertas.

E non foi ata o 19 de febreiro cando se escolleu a mellor e se levou a termo a adxudicación da obra por un importe de 32.000 €. É dicir, bastante tempo despois de que xa fora levado o material.

Non hai unha soa razón que xustifique como esta empresa sabía que ía ser a beneficiaria do contrato incluso antes de ser convidada oficialmente a presentar unha proposta.

Faise polo tanto, moi complicado achar unha soa explicación dentro da legalidade para que semanas antes a empresa xa levara o material que ía empregar ao lugar.

Espazo Común vai demandar con urxencia acceso a todo o expediente xa que, de confirmarse, estaríamos ante uns feitos de extrema gravidade e as explicacións de Fumega terían que ser moi convincentes para evitar o emprego de termos coma prevaricación ou xulgado.

- comunicacion@espazocomun.gal
- [@espazo_comun](#)
-  [@Espazo.comun.gal](#)
- [espazo_comun](#)
-  [+34 688 707 121](tel:+34688707121)